

BASES

- 1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria.
- 2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de **1.200 € ***.
- 3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.
- 4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan optido ningún premio anteriormente.
- 5.- Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.
- 6.- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao **Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume**, (Rúa Real, 13 - 15600 Pontedeume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor, acompañado doutro sobre pequeno no que conste o auténtico nome e apelidos do autor así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.
- 7.- O prazo de presentación remata o **22 de agosto de 2023**.
- 8.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicaranse aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.
- 9.- A resolución final do xurado darase a coñecer o día **23 de outubro de 2023**.
- 10.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.
- 11.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes.
- 12.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local **Cátedra. Revista eumesa de estudos**.
- 13.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70) · INFORMACIÓN: Telfs.: 981433054 ou no correo@pontedeume.gal